



Resolución do 4 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos, convocado pola Orde de 23 de xuño de 2016.

Mediante a Orde do 23 de xuño de 2016 convocouse concurso de méritos para cubrir postos de asesores do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

Resoltas as reclamacións e non habendo renunciado á resolución provisional, esta dirección xeral, de acordo co establecido no artigo 9 da citada orde,

RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública a resolución definitiva do concurso no anexo desta resolución, indicando o persoal docente seleccionado xunto cos postos adxudicados.

Segundo.- O persoal docente que resulte seleccionado por esta convocatoria quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2016, (cesarán nos seus postos con data do 31 de agosto do mesmo ano), e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis; establecerase un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

Terceiro.- Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela ou, a súa elección, o do seu domicilio conforme se establece nos artigos 8. 1a) e 14. 1 segunda da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2016
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

P.S. Resolución do 29 de xullo de 2016
Jesús Oitavén Barcala



ANEXO

| | | | | | | TOTAL |
|----------|-------------|---|------------|-----------|---------------------|--------|
| Nº Praza | Centro | Denominación praza | APELIDO1 | APELIDO2 | NOME | |
| 1 | CAFI | Asesoría de Lingua castelá | DOMINGUEZ | CARREIRO | SANDRA | 14,593 |
| 2 | CAFI | Asesoría de Lingua inglesa | FERNÁNDEZ | MÉNDEZ | ALICIA MARÍA | 15,488 |
| 2 | CAFI | Asesoría de Lingua inglesa | FERNÁNDEZ | SANTAS | CARMEN | 18,588 |
| 3 | CAFI | Asesoría organización escolar e diversidade (mestres) | PÉREZ | SANTIAGO | MÓNICA | 15,583 |
| 4 | CAFI | Asesoría organización escolar e diversidade (PES con orientación educativa) | LÓPEZ | CORDIDO | Mª ESPERANZA | 16,992 |
| 4 | CAFI | Asesoría organización escolar e diversidade (PES con orientación educativa) | REGO | MURIAS | Mª ANGELES | 17,613 |
| 5 | CAFI | Asesoría de tecnoloxías da información e comunicación | FERNÁNDEZ | MUNÍN | Mª CONCEPCIÓN | 15,767 |
| 5 | CAFI | Asesoría de tecnoloxías da información e comunicación | RODIÑO | CARAMÉS | IGNACIO | 17,325 |
| 6 | CAFI | Asesoría de tecnoloxías da información e comunicación | 3 DESERTAS | | | |
| 7 | CAFI | Asesoría de formación e innovación | PENIDE | LÓPEZ | VICTORIA | 16,921 |
| 7 | CAFI | Asesoría de formación e innovación | ESPIÑEIRA | CADERNO | SONIA | 15,925 |
| 7 | CAFI | Asesoría de formación e innovación | DESERTA | | | |
| 8 | SFP | Asesor/a técnico /a docente en rexistro de formación | DESERTA | | | |
| 9 | SFP | Asesor/a técnico/a docente en tecnoloxías da información e comunicación | DESERTA | | | |
| 10 | SFP | Asesor/a técnico/a docente en formación | MARTÍN | BIEDMA | ROSA Mª DE LA BARCA | 20,100 |
| 11 | A Coruña | Asesoría infantil e primaria | FERNÁNDEZ | TRELLES | SABELA | 15,750 |
| 12 | A Coruña | Asesoría científica e tecnolóxica | DOMINGUEZ | PÉREZ | OSCAR | 13,996 |
| 13 | A Coruña | Asesoría artística e deportiva | FOLGAR | CASTELO | Mª ARÁNZAZU | 12,188 |
| 14 | A Coruña | Asesoría organización escolar e diversidade | DOPICO | VÁZQUEZ | MARTA SUSANA | 13,743 |
| 15 | Ferrol | Asesoría infantil e primaria | DESERTA | | | |
| 16 | Ferrol | Asesoría linguas estranxeiras | VIZOSO | BLANCO | ANDRÉS JUAN | 14,275 |
| 17 | Lugo-Burela | Asesoría científica e tecnolóxica | SÁNCHEZ | RODRÍGUEZ | MANUEL | 15,983 |
| 18 | Lugo-Burela | Asesoría tecnoloxías da información e comunicación | DESERTA | | | |
| 19 | Ourense | Asesoría formación profesional | NIETO | CAMPOS | BEGOÑA | 14,497 |
| 20 | Pontevedra | Asesoría infantil e primaria | VILLAR | MORENO | ROSER | 17,067 |
| 21 | Vigo | Asesoría infantil e primaria | DÍAZ | LÓPEZ | MARIA TERESA | 14,858 |
| 22 | Vigo | Asesoría científica e tecnolóxica | CRESPO | RIVEIRA | ANTONIO | 12,425 |
| 23 | Vigo | Asesoría artística e deportiva | DA VILA | ALONSO | ANA MARIA | 17,771 |
| 24 | Vigo | Asesoría tecnoloxías da información e comunicación | PUGA | BARREIROS | CRISTINA | 17,713 |
| 24 | Vigo | Asesoría tecnoloxías da información e comunicación | MARIÑO | ALVAREZ | ANA MARIA | 14,333 |